



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS EXCEPCIONAIS TRAMITADAS POLA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2021

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións realizarase, entre outros, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do disposto no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas excepcionais tramitadas pola Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo no cuarto trimestre do ano 2021:

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	ÓRGANO CONCEDINTE	DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAM.
Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo	G27161496	Excepcional	Xornadas gastronómicas de produtos galegos de calidade	Presidencia	5/11/2021	8.750,00 €	3342.48911
Son de Lugo, SLU	B02735280	Excepcional	Promoción e difusión de Son de Lugo	Presidencia	15/11/2021	8.000,00 €	4190.48911

Lugo, 12 de xaneiro de 2022.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 15 de outubro de 2019, A DEPUTADA DELEGADA DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Mónica Freire Rancaño.

R. 0037

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ANUNCIO APERTURA DUN NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL DO CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL (ACORDO XUNTA GOBERNO 05.11.2021)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de agosto de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a convocatoria e as bases xerais e específicas para cubrir, mediante o sistema de concurso-oposición a praza do seu cadro de persoal, denominada Técnico/a Superior forestal, reservada á promoción interna vertical, clasificada dentro da escala de administración especial, subescala técnica, Técnico/a Superior, grupo A - subgrupo A1; praza que está vacante e dotada, co nº 906, asociada ao posto denominado Técnico/a Superior Forestal.

A convocatoria e as bases específicas publicáronse no BOP núm. 193, do 23.08.2021 e remite ás bases xerais publicadas no BOP núm. 089, do 20.04.2020

O prazo de presentación de solicitudes abriuse o día 28.09.2021 e rematou o 18.10.2021

Contra as bases específicas foi formulado recurso de reposición, que tivo entrada no rexistro electrónico común, o 05.10.2021; no que o organismo recorrente, Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes, formula a solicitude de que se declare a ilegalidade do título esixido na base específica 4 da convocatoria, isto é Graduado en Enxeñería forestal ou equivalente e se modifique a convocatoria, esixindo como título o anterior de Enxeñeiro de Montes ou

o actual de Máster en Enxeñería de Montes; e de que ao amparo do artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se acorde a suspensión da convocatoria.

En relación con este recurso a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 05.11.2021, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

1º.- Estimar as alegacións formuladas, no sentido de incorporar ao texto da Base 4ª, como requisito de titulación, a de estar en posesión do título universitario de Enxeñería de Montes e/ou Máster en Enxeñería de Montes, a efectos de poder participar no procedemento selectivo para prover, polo sistema de concurso- oposición, a praza da quenda de promoción interna denominada Técnico/a Superior Forestal e pertencente á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico Superior, Grupo A, Subgrupo A1.

2º.- Retrotraer o expediente do referido procedemento selectivo ao momento da convocatoria, publicando a modificación da citada Base 4ª e abrindo un novo prazo de presentación de solicitudes de participación, conforme ao recollido nas Bases Xerais publicadas no BOP nº 089, do luns, 20 de abril do 2020, prazo que se iniciará ao días seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

3º.- Desestimar a solicitude de suspensión da execución do acordo de convocatoria e aprobación das bases do referido proceso selectivo, ao terse resolto definitivamente o recurso de reposición interposto polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes; e , en todo caso, por considerar que non se produce ningunha das causas ás que fai referencia o artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Como consecuencia:

1º Modifícase a base específica 4 publicada no BOP núm. 193, do 23.08.2021 (Requisitos específicos das persoas aspirantes) do seguinte xeito:

Onde di:

*“Como complemento a base xeral 5.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de **Graduado en Enxeñería Forestal** ou equivalente e posuír unha antigüidade de, cando menos, dous anos de servizo activo como funcionario de carreira, na escala de administración especial, subescala técnica, técnico/a medio/a, prazas de enxeñeiro/a técnico/a de forestal.”*

Debe dicir:

Como complemento a base xeral 5.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de **Graduado en Enxeñería Forestal, Enxeñería de Montes** e/ou o de **Máster Oficial en Enxeñería de Montes** ou equivalentes e posuír unha antigüidade de, cando menos, dous anos de servizo activo como funcionario de carreira, na escala de administración especial, subescala técnica, técnico/a medio/a .

2º Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, polo período de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto deste anuncio no Boletín Oficial do Estado tal e como se sinala nas bases xerais (BOP núm. 089, do 20.04.2020).

Neste sentido infórmase que as solicitudes presentadas no prazo anterior (do 28.09.2021 ao 18.10.2021) non serán tidas en conta, arquivándose sen máis trámite, polo que as persoas aspirantes que desexen participar deberán presentar unha nova solicitude.

Contra este anuncio, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Lugo, 12 de xaneiro de 2022.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0038

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 19 de 2021, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2021, cun importe que ascende a cantidade de 118.600 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

Cap.1.- Gastos de persoal _____	1.341.039,82 €
Cap.2.- Gastos correntes en bens e servizos _____	1.002.516,16 €
Cap.3.- Gastos financeiros _____	5.900,00 €
Cap.4.- Transferencias correntes _____	63.800,00 €
Cap.5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos _____	0,00 €
Cap.6.- Inversións reais _____	1.891.183,05 €
Cap.7.- Transferencias de capital _____	47.635,00 €
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS _____	4.352.074,03 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, 12 de xaneiro de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 0039

FRIOL

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 20.12.2021, prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas do Concello de Friol correspondente ao mes de decembro de 2021, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Friol, 11 de xaneiro de 2022.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0040

LOURENZÁ

Anuncio

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 4º trimestre de 2021, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 5 de abril de 2022, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 12 de xaneiro do 2022.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0041
